



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NOIA

Secretaría

Modificación das bases da convocatoria do proceso selectivo, polo sistema de oposición libre, para a formación dunha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal de monitor/a socorrista da piscina municipal

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 2155, do 4 de agosto de 2026, estimouse parcialmente o recurso potestativo de reposición interposto pola representación sindical (CSIF, UXT, CCOO e CIG) contra as bases da convocatoria do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego temporal de monitores/as socorristas da piscina municipal do Concello de Noia.

Como consecuencia da estimación parcial, modifícanse as bases, e ordénase a publicación do texto íntegro das modificacións das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios municipal, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Así mesmo, e como consecuencia da modificación, acórdase a reapertura do prazo de presentación de solicitudes por un período de 20 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, indicándose que as persoas que xa presentaran solicitude non deberán presentar nova instancia, mantendo plena validez a xa presentada, sen prexuízo do dereito a desistir mediante escrito dentro do citado prazo.

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA E O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE PERSOAL LABORAL PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DESTINADA Á PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DA CATEGORÍA DE MONITORES/AS SOCORRISTAS DA PISCINA MUNICIPAL

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1. O obxecto da presente convocatoria é a creación dunha bolsa de emprego, mediante o sistema de oposición libre, para a contratación en réxime de dereito laboral temporal de monitores/as socorristas da piscina municipal do Concello de Noia, en atención ás circunstancias que poidan xurdir para cubrir as necesidades futuras do servizo, podendo utilizarse calquera das modalidades contractuais das establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

1.2. A través desta convocatoria preténdese seleccionar ao persoal que integrará a bolsa de emprego, así como regular a cobertura dos postos ofertados cando concorran as causas que fagan necesaria a contratación dalgún/s integrante/s da mesma.

1.3. As circunstancias para proceder á contratación de persoal temporal obedece á cobertura das necesidades eventuais que fagan precisa a contratación debido a un incremento ocasional da actividade do servizo, para a substitución de persoal municipal con dereito a reserva de posto de traballo, para complementar a xornada dos/as traballadores/as con dereito a redución temporal de xornada, ou para a ocupación provisional dun posto de traballo durante o tempo que dure o proceso de selección para a súa cobertura definitiva.

1.4. **Vixencia da bolsa de emprego.** A bolsa de emprego terá unha vixencia de cinco anos a contar desde a aprobación da súa constitución, ou ata un momento anterior no caso de que con anterioridade ao vencemento de dito prazo se constituíse unha nova que a substitúa por esgotamento da súa operatividade.

1.5. O procedemento regulado nestas bases rexerá pola normativa básica estatal constituída polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, o Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos

Traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade; a normativa autonómica de aplicación constituída pola a normativa autonómica de aplicación constituída pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia, Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da Administración Autonómica de Galicia e a Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e, supletoriamente, polo Real 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado; o convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Noia; o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 43/2023, de 4 de maio; e o establecido nas presentes bases e na demais normativa que resulte de aplicación.

2. MODALIDADE DO CONTRATO, XORNADA E DURACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PERSOAL DA BOLSA DE EMPREGO QUE ACEPTE A OFERTA DE TRABALLO

2.1. O contrato de traballo será de duración determinada, a xornada completa ou parcial, podendo utilizarse calquera das modalidades establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, desenvolvidas no Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sempre que concorran as causas para a formalización dalgunha delas.

2.2. A duración do contrato de traballo para ocupar o posto de monitor/a socorrista da piscina municipal estenderase durante o tempo que permaneza a ausencia da persoa traballadora substituída. O contrato manterase vixente ata o vencemento do prazo legal ou convencionalmente establecido para a súa reincorporación, ou ata que desapareza a causa que motivou a reserva do posto de traballo.

No suposto de que, unha vez finalizada a causa da substitución, a persoa traballadora substituída non se reincorpore de forma efectiva ao seu posto por atoparse no desfrute das vacacións anuais que lle correspondan, o contrato de substitución poderá manterse vixente ata a súa reincorporación efectiva ao posto de traballo, momento no que se producirá a súa extinción.

Cando se realice o contrato para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección, a duración será a do tempo que dure o proceso de selección para a súa cobertura definitiva.

El contrato de trabajo por circunstancias de la producción se extingue principalmente por la expiración del tiempo convenido, la realización del trabajo o el fin de la causa temporal que le dio origen. En todo caso, respetaranse as limitacións temporais e os requisitos establecidos no artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2.3. Finalizada a causa que motivou a formalización do contrato ou período máximo de duración establecido legalmente, a persoa contratada para ocupar transitoriamente este posto será cesada.

3. CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO

- Clase: Persoal laboral temporal
- Grupo: IV
- Escala: Administración especial
- Subescala: Servizos especiais
- Nivel de titulación mínimo esixido:
 - a) Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Graduado Escolar ou equivalente.
 - b) Titulacións previstas no Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 43/2023, de 4 de maio, para os socorristas en instalacións acuáticas.
- Denominación do posto: Monitor/a socorrista de piscina
- Funcións:
 - 1. Funcións de socorrismo na piscina municipal.
 - 2. Realización de actividades monitoras e impartición de cursos de natación na piscina municipal.

3. Control e inventariado do material do ximnasio.
 4. Calquera outra relacionada co posto que se lle encomende.
- Categoría: Monitor/a socorrista de piscina
 - Área/Servizo: Cultura e deportes
 - Unidade administrativa: Piscina municipal
 - Retribucións: As retribucións a percibir por todos os conceptos serán as que estean asignadas para o persoal laboral de igual categoría profesional do Concello de Noia.

4. REQUISITOS DE ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidas no procedemento para a realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- b) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros países.
- c) Estar en posesión, ou en condición de obter na data en que termine o prazo de presentación de instancias, dalgunha das seguintes titulacións: Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Graduado Escolar ou equivalente.

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase acreditar estar en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite a súa homologación. Este requisito non se lles aplicará ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

Segundo a Orde ECD/1417/2012, de 20 de xuño, pola que se establece a equivalencia do Certificado de Escolaridade e doutros estudos co título de Graduado Escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, a efectos laborais, o certificado de escolaridade considérase equivalente ao graduado escolar; e segundo a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo, pola que se modifica la Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, o Certificado de Estudos Primarios derivado da Lei 17/07/1945 de Educación Primaria e da Lei 21/12/1965 de Reforma da Educación Primaria, será equivalente aos únicos efectos de acceso a empregos públicos e privados, ao título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

- d) Estar en posesión, ou en condición de obter na data en que termine o prazo de presentación de instancias, das titulacións previstas no Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 43/2023, de 4 de maio, para os socorristas en instalacións acuáticas.
- e) Estar inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, sección de socorristas en instalacións acuáticas, ou ter solicitada a inscrición na data de finalización de presentación de instancias.

No suposto de estar inscrito/a, dita inscrición non poderá ter unha antigüidade superior aos catro anos ou deberá estar renovada.

No suposto de terse solicitado a inscrición, deberá achegarse documentación acreditativa de posuír a formación mínima esixida polo Decreto 152/2021, do 21 de outubro, modificado polo Decreto 43/2023, de 4 de maio. Ademais, no caso de que transcorreran tres meses dende a súa presentación, deberá achegarse certificado acreditativo do silencio administrativo positivo.

- f) Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, deberá acreditarse esta circunstancia mediante a presentación dunha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

- g) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das funcións e tarefas da praza convocada.
- h) Estar en posesión do certificado de lingua galega 2 (CELGA 2), curso de iniciación á lingua galega, do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- No suposto de non posuír este certificado, título equivalente ou validación do mesmo, o/a aspirante deberá superar a proba de coñecemento regulada nas presentes bases.
- i) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- j) Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- k) Xustificante do pago acreditativo de ter efectuado o ingreso da taxa. Á solicitude de inscrición para participar no proceso selectivo deberá acompañarse, en todo caso, xustificante de pagamento da taxa. No caso de que o suxeito pasivo sexa unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 93 do 14 de maio de 2024, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica.

Aplicando a equivalencia para o persoal funcionario, a taxa establecida para o grupo IV do persoal laboral segundo o artigo 5.1 desta Orde é de 13,00 euros.

As/os aspirantes deberán practicar autoliquidación, e realizar o seu ingreso en calquera entidade bancaria autorizada, antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición no proceso selectivo, non admitíndose o pagamento fóra de dito prazo.

A falta de pagamento da taxa no prazo sinalado no parágrafo anterior, determinará a inadmisión do/a aspirante nas probas selectivas, non sendo posible a súa corrección fóra do prazo de presentación de solicitudes.

A presentación do xustificante do abono das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

No caso de ter dereito á exención ou redución do pago da taxa, o/a aspirante deberá achegar a documentación xustificativa que acredite as circunstancias que o/a eximen desta obriga.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal.

5. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE

5.1. A convocatoria e as presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica do Concello de Noia (<http://noia.sedelectronica.gal>) e no taboleiro físico de anuncios da Casa do Concello, situado na rúa Rosalía de Castro, nº 2, 15200 – Noia (A Coruña).

A data a partir da cal se computará o prazo de presentación de instancias será a da publicación da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

5.2. As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Noia seguindo o modelo que figura como Anexo I das presentes bases e incluírá unha manifestación de que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria na data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Non se aceptará ningún outro modelo de instancia, e para que sexa válida e, por ende, para que as persoas aspirantes sexan admitidas, deberán cubrirse correctamente e con exactitude todos e cada un dos seus apartados, agás que no/s correspondente/s apartado/os ou espazo/s do modelo de instancia se indique expresamente que a súa cobertura non é obrigatoria.

O modelo de instancia estará tamén dispoñible na sede electrónica municipal e nas dependencias da oficina municipal de asistencia en materia de Rexistro.

5.3. Xunto coa solicitude de participación no procedemento debidamente cumprimentada e asinada (Anexo I), as persoas interesadas deberán achegar o orixinal, copia debidamente autenticada ou fotocopia da seguinte documentación:

- a) Documento nacional de identidade (DNI), NIE, pasaporte ou documento válido en dereito.
- b) Título oficial de ensinanza secundaria obrigatoria (ESO), ou título de graduado escolar ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase acreditar estar en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite a súa homologación.
- c) Acreditación de posuír ou estar en condicións de obter as titulacións previstas no Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 43/2023, de 4 de maio, para os socorristas en instalacións acuáticas.
- d) Xustificante de inscrición ou da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia na sección de socorristas en instalacións acuáticas. No caso de que transcorreran tres meses dende a solicitude de inscrición no citado Rexistro, certificado acreditativo do silencio administrativo positivo.
- e) Certificación negativa actualizada de delitos de natureza sexual emitida polo Rexistro de delinquentes sexuais e de trata de seres humanos. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior a un mes anterior ao da data da súa presentación.
- f) Certificación de aptitude do Celga 2, curso de iniciación á lingua galega, titulación equivalente ou ben a validación correspondente.

No caso de non achegar o Celga 2, a súa validación ou titulacións equivalentes, as persoas interesadas deberán realizar a proba de coñecemento de lingua galega.

- g) Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame. A falta de pago ou o pago parcial no prazo xeral concedido para a presentación de instancias terá como efecto a exclusión dos/as aspirantes. Exceptúase desta obriga os suxeitos pasivos sinalados no artigo 5.2. da ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, que deberán presentar a documentación xustificativa que acredite a circunstancia que lle da dereito á redución ou exención do pago da taxa.

O importe da taxa en concepto de dereitos de exame ascende a un importe 13,00 euros conforme ao establecido no artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame e abonaranse na conta bancaria número **ES20 0049 6779 9220 1624 4171 (conta da entidade Banco Santander).**

CONCEPTO	IMPORTE DA TAXA
Inscrición no proceso de selección para constituír bolsa de monitores socorristas	13,00 €

As persoas interesadas que aportaron anteriormente a documentación ou parte da mesma nesta Administración a partir do 1 de xaneiro de 2017, que foi a data na que entrou en funcionamento a plataforma electrónica que permitiu o rexistro da documentación a través do Rexistro Electrónico Xeral, non estarán obrigados a presentala para este procedemento. Para elo, xunto coa instancia (anexo I) deberá acompañar unha declaración na que expoñan a concreta documentación que xa consta en poder desta Administración, a data en que foi presentada (data e número de rexistro na Oficina de Rexistro do Concello de Noia) e a identificación do procedemento para a que foi entregada. En todo caso, si a Administración non puidera recabar os documentos, poderase solicitar ao interesado a súa aportación, de forma que se este non os achega no prazo sinalado quedará excluído do proceso selectivo.

5.4. Prazo de presentación de solicitudes. O prazo para presentar as solicitudes será de **20 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Se o prazo expirase en día inhábil, entenderase prorrogado o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a inadmisión do aspirante ao proceso selectivo.

5.5. As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Noia (<https://noia.sedelectronica.gal>). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

No suposto de solicitar a participación neste proceso a través da sede electrónica municipal ou doutros rexistros electrónicos mediante a utilización polo interesado da súa sinatura electrónica ou mediante outros sistemas identificación, autenticación e sinatura electrónica validamente admitidos, outorgarase os efectos do orixinal á copia da instancia (Anexo I) que non veña asinada dixitalmente, sempre que se achegue debidamente cuberta a través dun dos ditos medios.

5.6. Toda documentación achegada deberá estar redactada en galego ou en castelá ou ben en calquera outro idioma coa correspondente tradución oficial selada e asinada por persoa tradutora-intérprete xurada.

5.7. Os datos persoais recollidos na solicitude de admisión serán tratados coa única finalidade da xestión das probas selectivas e as comunicacións necesarias para elo. O nome, apelidos e número de documento de identidade publicárase na forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2019, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

6.1. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, o alcalde ou o/a concelleiro/a delegado/a do Concello de Noia, ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con especificación, se é o caso, exclusivamente do seu nome e apelidos e do número de DNI/Pasaporte, de acordo co preceptuado na Disposición adicional 7 da L.O.PD. No seu caso, deberán publicarse tamén as causas de exclusión.

As persoas aspirantes excluídas directamente, así como as omitidas porque non figuran na relación de admitidas nin de excluídas, disporán dun prazo de **10 días**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución no Boletín Oficial da Provincia, para que aleguen e presenten a documento que ao seu dereito conveña, sen prexuízo da súa publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

Este prazo habilitase exclusivamente para a emenda de defectos que motiven a exclusión ou a omisión do/a aspirante.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a, será definitivamente excluída/o do proceso selectivo.

Os erros na consignación dos datos persoais rectificaranse de oficio ou a instancia da persoa interesada en calquera momento do proceso selectivo.

6.2. Transcorrido o prazo de emendas, o órgano competente ditará nova resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, que se publicará Boletín Oficial da Provincia, data a partir da que se poderán interpoñer os recursos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo igualmente da súa publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

Nesta mesma resolución poderase establecer a composición do Tribunal cualificador e fixar o lugar, data e hora de realización da primeira proba da fase de oposición. No seu defecto, será o propio Tribunal, unha vez que fosen designados os membros que o integran, o encargado de acordar e publicar as respectivas convocatorias para a realización dos exercicios desta fase.

6.3. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deban presentar tras superar o proceso selectivo despréndase que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

6.4. **Información sobre a publicación dos sucesivos actos de desenvolvemento do proceso selectivo.** A publicación dos sucesivos anuncios referidos a este proceso selectivo efectuarase no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Noia e no taboleiro físico de anuncios do Concello de Noia, situado na rúa Rosalía de Castro, número 2.

7. NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

7.1. O tribunal de selección (no sucesivo, tribunal) encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso será nomeado polo Alcalde ou o/a Concelleiro/a delegado/a, conforme ao estipulado no artigos 60 do TREBEP, artigo 59 da Lei 9/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación de aplicación, e a súa composición farase pública consonte co establecido na Base 6.4.

Deberá estar constituído por un/ha presidente, un/ha secretario/a, e un mínimo de tres vogais, debendo designarse un número igual de suplentes.

En consecuencia, estará composto polos/as seguintes membros e os seus correspondentes suplentes:

- Presidente/a: un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo que deberá estar en posesión dunha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo (titular e suplente).
- Secretario/a: un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto (titular e suplente).
- Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo que deberán estar en posesión dunha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo (titulares e suplentes).

7.2. No nomeamento dos/as membros do tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

- a) O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

- b) O persoal de elección e de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do órgano de selección.
- c) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas o colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores tampouco poderán formar parte do órgano de selección.
- d) A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

7.3. O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento das persoas especialistas corresponderalle ao alcalde ou o/a concelleiro/a delegado/a a proposta do Tribunal.

7.4. O tribunal cualificador tamén poderá propoñer a designación de persoal administrativo colaborador, que será resolta por decreto do/a alcalde ou de concelleiro/a delegado/a con competencias na materia, co obxecto de prestar auxilio ao mesmo no desenvolvemento das probas no suposto de que o número de aspirantes convocados así o aconselle a fin de garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.

7.5. Os/as membros do tribunal, así como aqueles asesores/as especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. No caso de que os membros do Tribunal sexan traballadores municipais, unicamente percibirán dietas, en tanto as reunións se realicen fóra da xornada laboral. As indemnizacións do persoal administrativo colaborador, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os/as vogais.

8. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

8.1. O órgano encargado da selección neste proceso será o tribunal de selección, que asumirá a consideración, verificación e apreciación das incidencias que puideran xurdir no desenvolvemento dos exercicios e adoptará ao respecto as decisións que estime oportunas.

8.2. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros, e, en todo caso, sen asistencia do presidente e secretario.

8.3. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e ao resto do ordenamento xurídico.

8.4. Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarase coa sinatura do/a secretario/a e o visto e prace do/a presidente.

8.5. Os/as membros do tribunal, así como os asesores/as especialistas designados, terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou 59.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas, ou houberan colaborado con centros de preparación de opositores, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

Na sesión de constitución ou, segundo o caso, ao longo do desenvolvemento das distintas fases do proceso selectivo, o/a presidente poderá solicitar dos/as membros do tribunal e dos/as asesores/as especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou 59.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A concorrencia de calquera de ditas causas deberá ser comunicada ao órgano competente.

8.6. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal, e aos/as asesores/as especialistas no seu caso, cando ao seu xuízo, concorra en eles/as algunha ou varias das circunstancias previstas na base anterior, seguindo para elo o procedemento establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8.7. Por resolución do/a alcalde ou concelleiro/a delegado/a nomearanse aos/as novos/as membros do tribunal que substituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente.

8.8. Se en calquera momento do procedemento o tribunal tivera coñecemento de que algún/algunha dos/as aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, previa audiencia do/a interesado/a, deberá propoñer a súa exclusión ao órgano convocante ou, no seu caso, poñer en coñecemento a posible concorrencia desta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, se resolva ao respecto.

8.9. Durante o desenvolvemento das probas selectivas o tribunal resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación da bases da convocatoria, e adoptarán os acordos que garantan a boa orde do proceso no non previsto expresamente por aquelas.

8.10. Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o/a alcalde ou o/a concelleiro/a competente na materia termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

8.11. O tribunal quedará constituído ata que se resolvan as reclamacións interpostas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

9. SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección do persoal realizarase de conformidade co sinalado nas presentes bases mediante o sistema de oposición libre, de acordo co previsto no artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no artigo 61 do TREBEP.

A fase de oposición consistirá na superación das probas prácticas e exercicios que nela se describen, todas elas eliminatorias e obrigatorias. Non obstante, a realización do exercicio da fase de oposición relativo á proba teórica de coñecementos de lingua galega soamente será obrigatorio para as persoas aspirantes que non posúan o título CELGA 2, curso de iniciación de lingua galega, título equivalente, ou validación do mesmo. Por tanto, estarán exentos de realizar este exercicio as persoas que posúan o CELGA 2, curso de iniciación da lingua galega, título equivalente, ou validación do mesmo.

10. FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima: 20,00 puntos.

10.1. Esta fase constará de dúas probas prácticas; unha proba teórica, consistente no desenvolvemento por escrito de dúas preguntas relacionadas co temario que figura no Anexo II; así como dun exercicio de coñecemento da lingua galega, que deberán realizar unicamente as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega de nivel 2 (Celga 2) ou da titulación equivalente.

10.2. Primeira proba práctica. Proba de natación estilo libre. Obrigatoria e eliminatoria. Puntuación máxima: 5,00 puntos.

10.2.1. Esta proba consistirá na realización dun exercicio de aptitude física consistente en nadar cen metros (100 m) en estilo libre. O tempo máximo para superar a proba será de dous (2 min) minutos no caso dos homes e de dous minutos e quince segundos (2 min 15 s) no caso das mulleres.

A proba cualificarase cunha puntuación máxima de 5,00 puntos, que se asignará en función do tempo empregado para completar o percorrido, de conformidade coa táboa que figura a continuación:

Tempo para os homes.	1´15"	1´25"	1´35"	1´45"	2´00"
Tempo para as mulleres.	1´25"	1´35"	1´45"	1´55"	2´15"
Puntos	5,00	4,50	3,00	2,50	2,00

10.2.2. Para a realización da proba, a persoa aspirante colocarse de pé no bordo exterior da piscina ou sobre o trampolín de saída, á súa elección. A proba iniciárase logo do aviso do tribunal, momento no que deberá lanzarse ao vazo para percorrer a distancia establecida.

Durante a execución da proba non estará permitido apoiarse nas corcheiras nin deter a marcha, quedando eliminadas as persoas aspirantes que incumpran esta norma. Así mesmo, será eliminada a persoa aspirante que realice dúas saídas nulas.

Para os efectos do cómputo do tempo, considerarase finalizada a proba no momento en que a persoa aspirante toque coa man a parede da piscina, unha vez percorrida a distancia establecida.

Para a realización da proba unicamente se permitirá o uso de bañador, gorro e lentes de natación.

10.2.3. A proba terá carácter eliminatorio, de forma que os/as opositores que non a superen quedarán excluídos/as do proceso. Considerarase que non superaron a proba as persoas aspirantes que non acaden un tempo igual ou inferior a 2 minutos e 15 segundos, no caso das mulleres, e 2 minutos, no caso dos homes.

10.2.4. Realizada a proba, o Tribunal publicará na sede electrónica municipal e no taboleiro físico de anuncios a relación das persoas aspirantes coa cualificación acadada. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas contra este exercicio no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da

publicación. Resoltas as reclamacións, de habelas, o Tribunal publicará a relación definitiva das persoas aspirantes coas cualificacións obtidas neste exercicio.

10.3. Segunda proba práctica. Proba de salvamento en piscina. Obrigatoria e eliminatoria. Puntuación máxima: 5,00 puntos.

10.3.1. Esta proba, que tamén será cronometrada, consistirá na realización dun exercicio de salvamento en piscina, combinando un percorrido a nado coa execución dunha manobra de rescate, que deberá realizarse da forma máis correcta e no menor tempo posible para acadar a mellor puntuación.

Para os efectos do inicio do cómputo do tempo, a persoa aspirante situarase no bordo da piscina ou no trampolín de saída, segundo a súa elección. Logo do aviso do Tribunal para o inicio da proba, deberá lanzarse ao vazo da piscina, percorrer a nado cincuenta metros (50 m) en estilo libre, mergullarse para rescatar o manequín do fondo da piscina e remolcalo durante outros vinte e cinco metros (25 m) ata tocar coa man a parede da piscina. Neste momento deterase o cronómetro para o rexistro do tempo empregado na realización da proba.

Durante a execución da proba non estará permitido apoiarse nas corcheiras nin deter a marcha, quedando eliminadas as persoas aspirantes que incumpran esta norma. Así mesmo, será eliminada a persoa aspirante que realice dúas saídas nulas.

Durante a realización desta proba, a persoa aspirante non poderá obstruír as vías aéreas do manequín nin remolcalo boca abaixo ou totalmente mergullado. O incumprimento de calquera destes requisitos comportará que a persoa aspirante non obteña puntuación nesta proba e sexa eliminada do proceso selectivo.

Igualmente, para a realización da proba soamente poderanse utilizar gafas, gorro e bañador.

Esta proba cualifícase cunha puntuación máxima de cinco 5,00 puntos, e asignarase en correspondencia co tempo realizado segundo o establecido na seguinte táboa:

Tempo para os homes.	1´15"	1´25"	1´35"	1´45"	2´00"
Tempo para as mulleres.	1´25"	1´35"	1´45"	1´55"	2´10"
Puntos	5,00	4,50	4,00	3,50	3,00

10.3.2. A proba terá carácter eliminatorio, de forma que os/as opositores que non a superen quedarán excluídos/as do proceso. Considerarase que non superaron a proba as persoas aspirantes que non acaden un tempo igual ou inferior a 2 minutos e 15 segundos, no caso das mulleres, e 2 minutos, no caso dos homes.

10.3.3. Realizada a proba, o Tribunal publicará na sede electrónica municipal e no taboleiro físico de anuncios a relación das persoas aspirantes coa cualificación acadada. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas contra este exercicio no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación. Resoltas as reclamacións, de habelas, o Tribunal publicará a relación definitiva das persoas aspirantes coas cualificacións obtidas neste exercicio.

10.3.4. Por decisión do Tribunal, a primeira e a segunda probas prácticas poderán realizarse na mesma xornada, desenvolvéndose a segunda inmediatamente despois da primeira, sempre que as circunstancias o permitan e así se acorde previamente.

10.4. Terceiro exercicio. Proba de coñecementos teóricos. Obrigatoria e eliminatoria. Só para as persoas aspirantes que superen a primeira e a segunda probas prácticas. Puntuación máxima: 10,00 puntos.

10.4.1. As persoas aspirantes deberán desenvolver por escrito dúas (2) preguntas, que se formularán polo órgano de selección, referidas ás materias específicas do programa que figura como Anexo II destas bases.

10.4.2. O tribunal poderá acordar a lectura do exercicio en audiencia pública, cuxa celebración anunciaríase na forma establecida na base 6.4. No caso de que así fora, a non presentación á lectura dará lugar á exclusión do proceso de selección.

10.4.3. O tempo máximo de duración deste exercicio será de noventa minutos. (90').

10.4.4. Para a cualificación de cada exercicio, o tribunal valorará o nivel de coñecemento da materia acreditado no desenvolvemento do exercicio, a claridade e orde na exposición das ideas, a capacidade de síntese e a forma de presentación.

10.4.5. Cada un dos exercicios será cualificado de 0,00 a 5,00 puntos, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden un mínimo de 2,50 puntos en cada un deles.

10.4.6. Realizada a proba, o Tribunal publicará na sede electrónica municipal e no taboleiro físico de anuncios a relación das persoas aspirantes coa cualificación acadada. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas contra este exercicio no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación. Resoltas as reclamacións, de habelas, o Tribunal publicará a relación definitiva das persoas aspirantes coas cualificacións obtidas neste exercicio.

10.5. Proba de coñecemento da lingua galega. Obrigatoria unicamente para os/as aspirantes que non acrediten estar en posesión do título do CELGA 2 ou titulación equivalente, e eliminatoria. Non puntuable para establecer a cualificación final das/os aspirantes e, por tanto, cualificarase como “apto/a” ou “non apto/a”.

10.5.1. Este exercicio consistirá na tradución por escrito dun texto do castelán ao galego que terá unha extensión máxima de 200 palabras. O texto será elixido polo Tribunal e corresponderalle a este órgano de selección a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

10.5.2. Este exercicio será cualificado cunha puntuación máxima de 10,00 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5,00 puntos para superalo.

Para tal efecto, a persoa aspirante partirá dunha puntuación inicial de 10,00 puntos, dos que se descontarán 0,25 puntos por cada palabra traducida incorrectamente ou por cada falta de ortografía cometida.

Malia establecerse unha puntuación numérica para determinar o número de erros permitidos, o exercicio cualificarase finalmente como «apto/a» ou «non apto/a», sendo necesario obter a cualificación de «apto/a» para superalo.

10.5.3. O Tribunal publicará a relación de aspirantes coa cualificación acadada na sede electrónica municipal e taboleiro físico de anuncios. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas a este exercicio no prazo de **5 días hábiles** a contar desde o día seguinte ao desta publicación. Resoltas as reclamacións, no caso de habelas, o tribunal publicará a relación definitiva das persoas coas cualificacións/puntuacións do exercicio.

10.5.4. A proba terá carácter eliminatorio, de forma que os/as opositores que non a superen quedarán excluídos/as do proceso.

11. CRITERIOS DE DESEMPATE.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase aos seguintes criterios seguindo a orde de prelación establecida ata que se produza o desempate:

- Puntuación máis alta obtida na primeira proba práctica da fase de oposición.
- Puntuación máis alta obtida na segunda proba práctica da fase de oposición.
- Sorteo. En defecto de todo o anterior, o empate resolverase por sorteo cuxa realización anunciárase polos medios expresados na Base 6.4., a fin de garantir presenza voluntaria das/os aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración.

12. PUNTUACIÓN FINAL DOS/AS ASPIRANTES.

12.1. Unha vez finalizado o proceso selectivo, o tribunal publicará a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuación en sentido decrecente, indicando as cualificacións correspondentes ás probas da fase de oposición, así como a suma total que constitúe a puntuación final. Na mesma publicación proporase a constitución da bolsa de emprego.

Para formar parte da bolsa de emprego, ademais de obter a puntuación mínima requirida para superar os exercicios da oposición, a persoa aspirante deberá acreditar estar en posesión do Celga 2 ou equivalente, ou ben haber superado coa cualificación de “Apto/a” a proba de coñecemento da lingua galega establecida na Base 10.4.

12.2. O tribunal elevará ao órgano competente tanto a listaxe de aprobados/as como a proposta de constitución da bolsa de emprego para que proceda á aprobación desta e á súa publicación polos medios indicados nas presentes bases.

12.3. En tanto non se decrete o/s nomeamento/s e se tome posesión efectiva do/s posto/s ofertado/s, os/as candidatos/as que pasen a formar parte da bolsa de emprego non terán dereito a prestación económica algunha.

13. CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABAJO, REALIZACIÓN DE CHAMAMENTOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA AS CONTRATACIÓN LABORAIS QUE SE OFERTEN

13.1. Todas as persoas que superen os exercicios da oposición serán incluídas na bolsa de emprego temporal para o desempeño provisional de postos de traballo da categoría de monitor/a socorrista da piscina municipal do Concello de Noia mediante a contratación laboral temporal.

13.2. A bolsa de traballo será utilizada para a contratación temporal en réxime de dereito laboral nas súas diferentes modalidades conforme ao previsto na Base 2 das presentes bases e de acordo coa lexislación vixente, respectándose as limitacións temporais e os requisitos que se establezan en cada tipo de contratación.

A vinculación temporal ao Concello de Noia non outorgará dereito algún ao desempeño definitivo do posto de traballo ou preferencia para o ingreso no mesmo sen prexuízo de que os servizos prestados sexan susceptibles de valoración conforme aos baremos das fases de concurso das correspondentes convocatorias.

13.3. Os datos que figuran na solicitude presentada para participar no proceso selectivo consideraranse válidos a efectos do chamamento, sendo responsabilidade do/a interesado/a o erro na súa consignación, debendo comunicar ao Concello calquera variación dos mesmos.

13.4. Unha vez coñecida a necesidade xurdida da que quedará constancia no expediente administrativo e con carácter previo ao chamamento para comunicar a oferta de contratación aos/ás opositores/as que integran a bolsa, o órgano competente, mediando previo informe da existencia de crédito emitido pola Intervención Municipal, fixará o número de persoas ás que se lles realizará a oferta da contratación, con expresión das principais características da futura relación laboral, principalmente a modalidade de contrato, a súa causa, a duración prevista e o tipo de xornada con arranxo á normativa que resulte de aplicación.

13.5. O/s chamamento/s para a contratación como persoal laboral temporal efectuarase seguindo a orde de prelación na bolsa de emprego, de xeito que, cando concorran as circunstancias que o/s fagan necesario/s para a cobertura dun servizo, ofertaráselle o posto de emprego ao/á primeiro/a aspirante da lista.

A ditos efectos a comunicación da oferta de traballo efectuarase telefonicamente ao número de teléfono que figure na instancia de participación no proceso selectivo convocado para a creación da bolsa, quedando obrigado/a o/a interesado/a a comunicar o cambio que neste poida xurdir.

13.6. A/s comunicación/s da/s oferta/s de traballo practicaranse en todos os casos a través de chamada telefónica por funcionario/a municipal designado/a expresamente, efectuándose un máximo de **dous intentos no mesmo día e a distinta hora**, e, no caso de que non se puidese contactar co/coa seleccionado/a incluído/a na bolsa, poderá realizarse outro no día hábil seguinte se así o determina previa e expresamente o órgano competente.

A persoa integrante da bolsa deberá aceptar ou rexeitar a oferta de traballo no momento en que lle é comunicada. Se o/a interlocutor/a é o/a interesado/a e solicita unha ampliación do tempo para dar unha contestación, outorgaráselle un prazo de 2 horas desde a realización da chamada para que acepte ou renuncie ao posto ofertado; transcorridas estas 2 horas sen que o/a interesado/a respondese á oferta terase por realizado o segundo intento que se lle practique e proseguirase coa orde de chamamentos.

Se non responde o/a interesado/a e ten un receptor/gravador de mensaxes telefónicas, deixaráselle unha mensaxe ou aviso para que nun prazo dunha hora acepte ou renuncie ao posto ofertado. Se non responde neste prazo, efectuarase un segundo intento de chamamento, no que xa non se deixará mensaxe ou aviso no suposto de activarse o receptor/gravador de mensaxes telefónicas, polo que non contesta á chamada continuarase co chamamento do/a seguinte candidato/a.

No caso de que a oferta fose rexeitada, realizarase a mesma á seguinte persoa da lista seguindo a orde de prelación da listaxe de candidatos/as da bolsa.

De non ser localizado/a telefonicamente o/a primeiro/a integrante da lista, procederase a chamar ao/s seguinte/s compoñente/s da bolsa ata localizar un/unha dispoñible.

En todo caso, o/a empregado/a público deixará constancia da realización da chamada telefónica, mediante dilixencia estendida ao efecto, con indicación dos datos identificadores do/a interesado/a (DNI e nome), dos intentos de comunicación, da data e hora en que foi intentada ou realizada a comunicación da oferta de traballo, do número de contacto, se houbo ou non resposta e, de habelas, o sentido desta.

13.7. Desta maneira, requirirase á/s persoa/s incluída/s na bolsa para os efectos de que, nun prazo máximo de **3 días hábiles**, presente/n, en orixinal ou copia debidamente autenticada, a **certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que o aspirante posúe a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto de traballo na categoría de encargado/a de recepción ou recepcionista de piscina**. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos 3 meses anteriores ao da data da súa presentación.

O/a interesado/a que non achegara coa solicitude de participación no proceso selectivo o orixinal ou fotocopia debidamente autenticada da documentación establecida na Base 5.3 das presentes bases deberá achegalo no prazo referido no parágrafo precedente.

De ser correcta a documentación presentada procederase a formalizar o contrato de traballo de duración determinada na modalidade que corresponda. O decreto de designación da persoa seleccionada na bolsa de traballo para a formalización do contrato será notificado á persoa interesada, que disporá dun prazo de **3 días hábiles**, a contar desde a súa notificación, para a **sinatura do contrato de traballo e a inmediata incorporación ao posto de traballo**.

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou co prazo indicado para a formalización do contrato, entenderase que renuncia a ocupar o posto de traballo ofertado e pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego, excepto que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen este incumprimento, que en todo caso será determinada a súa concorrencia a criterio do órgano competente mediante resolución ditada ao efecto.

Neste caso, procederase a realizar o chamamento telefónico ao/á aspirante que ocupe a seguinte posición na bolsa de emprego.

13.8. Todos/as aqueles/as aspirantes que non fosen localizados/as permanecerán no posto que ocupaban na bolsa á espera de novo chamamento.

13.9. Os/as integrantes da bolsa de emprego contratados/as pola Entidade non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de xeito que se finaliza a prestación do servizo para a que foron chamados/as retornarán ao posto que lles corresponda en función da puntuación alcanzada no proceso selectivo.

13.10. Se a persoa contratada na modalidade que corresponda renuncia ao posto (baixa voluntaria) con posterioridade á súa contratación temporal como persoal laboral, o/a traballador/a perderá o posto obtido na bolsa de emprego segundo a puntuación acadada no proceso selectivo e pasará a ocupar o último lugar na mesma.

Igualmente pasará a ocupar o último posto da bolsa se non presenta a documentación en prazo conforme ao establecido establecida na Base 13.7, ou non se incorpora ao posto de traballo ou non persoa para a formalización do contrato no prazo establecido na Base 13.7.

13.11. A renuncia a unha oferta de contratación sen mediar xustificación suporá que perderá o seu posto na bolsa pasando a ocupar o último lugar.

Entenderase que existe xustificación do rexeitamento da oferta cando, no prazo de **7 días naturais** a contar desde o día seguinte ao da realización da oferta de contratación, se acredite mediante o medio de proba adecuado a cada suposto algunha das seguintes situacións:

- Parto/lactancia, período de descanso por maternidade biolóxica, permiso por adopción ou acollemento, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural ou asimilable ou situacións asimilables, permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla, acreditados a través de certificado de nacemento ou libro de familia ou da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, da resolución xudicial que constitúa a adopción, informe médico ou calquera outro documento que fidedignamente o acredite.
- Incapacidade temporal derivada de enfermidade ou accidente que impida a asistencia ao centro de traballo, sempre que se acredite mediante informe ou certificado médico.
- Enfermidade moi grave do cónxuxe ou familiar ata o 2º grado de consanguinidade, acreditada por certificado/informe médico e libro de familia.
- Estar en situación de embarazo con parte de baixa ou informe médico.
- Por matrimonio ou unión de feito. Durante o prazo de 15 días a contar desde o seguinte ao da data de matrimonio non se realizarán ofertas de traballo salvo que manifeste por escrito que está dispoñible para recibir a comunicación de ofertas. Dita situación xustificarase con fotocopia do libro de familia ou certificado da inscrición da unión de feito.
- Cumprimento dun deber inescusable de carácter público.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Manter unha relación laboral ou funcionarial de carácter temporal, debendo aportarse, unha vez finalizada a mesma, copia da notificación de cese ou da extinción contractual.
- Manter unha relación laboral ou funcionarial de carácter permanente, debendo aportar un informe de vida laboral actualizado.
- Por causa de violencia de xénero. Es situación xustificarase con informe dos servizos sociais municipais, departamentos autonómicos de servizos sociais, servizos de acollida, título xudicial ou informe do Ministerio Fiscal.
- Estar cursando estudos de formación regrada no momento do chamamento.
- Realización dunha actividade empresarial ou profesional, ou expectativa do comezo da actividade, incluída a previsión de formalización dunha relación xurídica laboral ou funcionarial, alegada expresamente polo interesado no momento do chamamento con indicación da data do seu inicio, que en todo caso non será superior a un mes,

e que será a que se terá en conta para que nos 3 días seguintes presente declaración responsable expresiva dalgunha destas situacións.

Transcorrido un mes desde a realización da oferta de traballo por esta Administración, o interesado pasará ao último lugar da bolsa se non acredita a situación alegada en dito prazo.

- Morte ou enfermidade grave de familiar ata o primeiro grado de consanguinidade, cónxuxe ou parella de feito. Acreditarase con certificado de defunción ou informe médico.
- Causa de forza maior que sexa apreciada con tal carácter pola Administración, sempre que se acredite con documentación fidedigna que concorre causa xustificada.
- Encontrarse en activo nunha bolsa de emprego do Concello de Noia en diferente posto do ofertado.

Non se considerará causa xustificada, en ningún caso, a previsión de vacacións ou ausencias por motivos de ocio nas datas nas que se preveña a contratación.

13.12. A exclusión dun/dunha aspirante da bolsa de emprego poderá producirse por algún os seguintes supostos:

- Renuncia voluntaria e expresa á pertenza á bolsa de traballo.
- Renuncia expresa por contrato ou nomeamento en vigor.
- Non incorporación ao posto de traballo sen motivo xustificado.
- Falecemento.
- Declaración de incapacidade permanente total ou absoluta.
- Xubilación.
- Non superar o período de proba, de habelo.
- Imposición de sanción disciplinaria por unha falta tipificada como grave ou moi grave ou inhabilitación para cargo público.
- Non cumprir coas normas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou, no seu caso, a substitúan.
- Simular ou falsear calquera das causas que xustifican o rexeitamento de ofertas de traballo.

13.13. **Opción en bolsa de emprego:** No caso de que algunha das persoas que integran a lista dispoña transitoriamente dun contrato de traballo, poderá, de ser do seu interese, comunicar esta circunstancia por escrito ao Concello de Noia, pasando á situación de reserva na bolsa e debendo comunicar ao Concello no seu caso a reincorporación á lista. Respetarase en todo caso o lugar na lista que lle corresponda á persoa candidata.

14. NORMA FINAL

14.1. Estas bases vincularán ao Concello, ao tribunal cualificador e as persoas aspirantes que participen no proceso selectivo. Así mesmo, dado que as publicacións e anuncios serán expostas nos termos indicados no clausulado precedente, entenderase que os/as aspirantes, no momento da presentación de instancias, asumen a publicidade de datos persoais (nome, apelidos, cualificacións dos exercicios, etc). A restante información, de carácter persoal, quedará reservada ao expediente interno de selección e protexida segundo o establecido polo estipulado na Ley Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

14.2. Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, poderán ser impugnadas con carácter potestativo polos/as interesados/as mediante a interposición de recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación da súa convocatoria no BOP; ou ben directamente, mediante recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contado desde a mesma data, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE PERSOAL LABORAL PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DESTINADA Á COBERTURA EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL DOS POSTOS DE MONITOR/A SOCORRISTA DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE NOIA

APELIDOS E NOME:				
DNI:				
ENDEREZO				
Rúa:				
Nº	Escaleira:	Piso:	Porta:	
Código Postal:	Municipio:	Provincia:		
Teléfono de contacto:				
Conta de correo electrónica:				

Tendo coñecemento da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia número _____ de data _____ para a constitución dunha bolsa de emprego, para a cobertura de postos de traballo mediante a contratación laboral temporal de monitor socorrista da piscina municipal do Concello de Noia.

- 1) SOLICITO tomar parte no devandito procedemento selectivo.
- 2) DECLARO que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na correspondente convocatoria.
- 3) DECLARO non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. E no suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 4) DECLARO non estar afectado/a por ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 5) ACHEGO os seguintes documentos – Base 5.3 – (marcar con “X”):
 - ☐ Documento nacional de identidade, NIE, pasaporte ou documento válido en dereito que acredite os datos de identidade requiridos para participar no proceso selectivo (Base 5.3.a.).
 - ☐ Título oficial conforme ao establecido na Base 5.3.b).
 - ☐ Titulacións previstas no Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 43/2023, de 4 de maio, para os socorristas en instalacións acuáticas (Base 5.3.c)).
 - ☐ Xustificante de inscrición ou da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma na sección de socorristas en instalacións acuáticas. No caso de que transcorreran tres meses dende a presentación da solicitude no citado Rexistro, certificado acreditativo do silencio administrativo positivo (Base 5.3.d).
 - ☐ Certificación negativa de delitos de natureza sexual emitida polo Rexistro de delincuentes sexuais e de trata de seres humanos (Base 5.3.e).
 - ☐ Certificación de aptitude do Celga 2, ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente (Base 5.3.f).
 - ☐ Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame (13,00 euros, que se abonará na conta bancaria especificada na Base 5.3.g); excepto os suxeitos pasivos sinalados no artigo 5.2. da ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, que deberán presentar a documentación xustificativa que acredite a circunstancia que lle da dereito á redución ou exención do pago da taxa.

Lugar, data e sinatura.

En, a de 2026.

Asdo.-

ANEXO II. Temario

TEMA 1. Organización e funcionamento das instalacións deportivas municipais. A Piscina Municipal de Noia.

- l) Concepto de servizo público deportivo.
- m) Organización e funcionamento dunha piscina climatizada municipal, Ordenanza número 25, reguladora da taxa pola prestación do servizo da Piscina Municipal (Publicación definitiva BOP Nº 247 de 26/12/2025)

TEMA 2. O medio acuático. Adaptación e habilidades acuáticas básicas.

- n) Características do medio acuático.
- o) Principios físicos da flotación, da propulsión e da resistencia da auga.
- p) Adaptación ao medio acuático.
- q) Respiración. Flotación ventral e dorsal.
- r) Equilibrio.
- s) Deslizamentos.
- t) Inmersións.
- u) Propulsión elemental.
- v) Control postural.
- w) Desenvolvemento progresivo da confianza na auga.
- x) Metodoloxía da aprendizaxe das habilidades básicas.

TEMA 3. Desenvolvemento das habilidades motrices no medio acuático.

- Coordinación dinámica xeral. Equilibrio.
- Organización espacial e temporal.
- Desprazamentos básicos.
- Cambios de dirección.
- Xiros.
- Saltos.
- Entradas á auga.
- Xogos acuáticos como recurso educativo e motivador.
- Desenvolvemento das capacidades perceptivo-motrices e coordinativas aplicadas á natación.

TEMA 4. Técnica dos estilos de natación.

- Estudo técnico dos estilos de crol, costas, braza e bolboreta.
- Posición corporal.
- Acción das pernas.
- Acción dos brazos.
- Respiración.
- Coordinación xeral dos movementos.
- Biomecánica básica dos estilos.
- Erros técnicos máis frecuentes.
- Exercicios correctivos.

TEMA 5. Aprendizaxe motriz aplicada á natación.

- 5. Concepto de aprendizaxe motriz.
- 6. Desenvolvemento evolutivo da persoa.
- 7. Características motrices segundo a idade.
- 8. Principios metodolóxicos da ensinanza da natación.
- 9. Métodos e estilos de ensino. Motivación.

10. Feedback. Corrección de erros.
11. Adaptación da aprendizaxe ás capacidades individuais.

TEMA 6. Elaboración dunha sesión práctica de natación.

- Estrutura dunha sesión.
- Quentamento.
- Parte principal.
- Volta á calma.
- Organización do espazo e do material.
- Utilización de material auxiliar.
- Control da intensidade do exercicio.
- Adaptación da sesión ás características do grupo.
- Avaliación da sesión.
- Resolución de incidencias durante o desenvolvemento das clases.

TEMA 7. Actividades acuáticas para diferentes colectivos.

- Natación infantil.
- Natación escolar.
- Natación para adultos.
- Natación para persoas maiores.
- Actividades acuáticas para embarazadas. Natación adaptada para persoas con discapacidade: Aquagym
- Actividade física acuática con fins recreativos, educativos e terapéuticos.
- Adaptación das actividades ás necesidades específicas de cada colectivo.

TEMA 8. Planificación dos cursos de natación.

- Organización dos cursos segundo idades e niveis. Avaliación inicial do alumnado.
- Obxectivos por nivel.
- Criterios de promoción.
- Seguimento da evolución.
- Elaboración de informes de avaliación.
- Coordinación entre monitores.

TEMA 9. Prevención de riscos e seguridade nas instalacións acuáticas.

- Identificación de riscos.
- Prevención de accidentes.
- Normas xerais de seguridade.
- Supervisión permanente dos vasos.
- Control das persoas usuarias.
- Prevención de afogamentos.
- Actuación preventiva.
- Protocolos de seguridade nas actividades acuáticas.

TEMA 10. Salvamento acuático.

- Principios xerais do salvamento.
- Técnicas de observación.
- Técnicas de aproximación á vítima.
- Entradas á auga. Mergullo de salvamento.
- Remolques.

- Extracción da vítima.
- Utilización do material de rescate.
- Actuación en piscinas climatizadas.

TEMA 11. Mantemento e control sanitario das piscinas.

- Funcionamento do circuíto hidráulico.
- Filtración.
- Recirculación.
- Desinfección da auga.
- Control do pH.
- Cloro libre e combinado.
- Temperatura.
- Turbidez. Produtos químicos empregados no tratamento da auga.
- Limpeza e desinfección das instalacións.
- Rexistros obrigatorios.
- Actuación ante incidencias na calidade da auga.

TEMA 12. Lexislación aplicable ás piscinas de uso colectivo.

- Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.
- Normativa autonómica de Galicia en materia de piscinas de uso colectivo.
- Prevención de riscos laborais.
- Obrigas do titular da instalación.
- Obrigas do persoal.
- Responsabilidade administrativa, civil e penal derivada do exercicio profesional.

Noia, 5 de agosto de 2026.

O alcalde

Francisco Pérez Caamaño.

2026/5212